

Revista trimestral

# RC CEIPRAQUEL CAMACHO

A Coruña\_decembro\_2021

CONCURSO DE IDEAS

## LOGO

Xa temos nova imaxe do cole



PACO

## NOGUEIRAS

En concerto


RECOMENDACIÓNS

## QUE LER?


Libros para o Nadal

## VIVEIRO

espresso



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega



## XX CONCURSO DE RELATO ORAL

# TÍRALLE DA LINGUA

*Tíralle da lingua* é un proxecto da Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) dirixido ao alumnado e pro-

Comezando novembro, convidamos a participar ao alumnado de 5º ou 6º de E. Primaria no concurso organizado pola [AS-PG](#). Tiñan que gravar un vídeo narrando un conto en voz alta. **A historia podía ser inventada ou algunha coñecida** e o vídeo non podía durar máis de 5 minutos.

O concurso constaba de dúas fases: unha no centro e, se pasabas esa fase, outra a nivel galego.

O EDLG do colexio fallou que **o relato gañador era o contado por Óliver Pose Rincón-Benzalá (5º de**

fesorado, co obxectivo de normalizar o uso oral da lingua galega e de crear e recrear historias.

**E. Primaria)** e que, polo tanto, pasaba á seguinte fase do concurso. Pódese visualizar o [vídeo gañador e tamén os finalistas na web do colexio](#) ou usando o código QR de embaixo.



Hai contos de mascotas, de xabaráns ou de xenios que conceden desexos. A historia de Óliver conta dun capitán pirata chamado *O Temible*. ■





## CONCERTO NO COLE

# PACO NOGUEIRAS


En novembro, grazas a Normalización Lingüística do Concello da Coruña, tivemos

a fortuna de presenciar en directo un gran concerto no noso patio.



[Paco Nogueiras](#) actuou para o alumnado de 2º de EP, interpretando temas do seu disco [Radio Bule Bule](#). O concerto coincidiu coa hora do recreo doutras clases e, claro, sumáronse á festa.

A Sergio, de 2º B, disque lle gustou moito a canción de *Carmela é*. En cambio, a Denisse (2º A) encantoulle o decorado. Maia (2º A) non quixo concretar. Ela di que lle *molou* todo. ■



## CONCURSO DE IDEAS

# O NOVO LOGO DO COLEXIO

Despois do logo do 50 aniversario en 2019, tocaba renovar a imaxe institucional

O concurso ía destinado ás rapazas e rapaces de 5º e 6º de EP. O alumnado que máis tempo leva no colexio debía imaxinar un logo que representara o noso centro.

O xurado decidiu conceder o primeiro premio ao debuxo creado por **Nerea Cruz Enjo**.

Nerea quixo comentar como foi o proceso de creación. Di, por exemplo, que decidiu incluír a fachada porque hai pouco que a pintaron e que lle gustou moito como quedou.

do Raquel Camacho e, para iso, déuselle a palabra ás nenas e nenos maiores.

Como ves embaixo, na obra orixinal Nerea tamén debuxou unhas persoas porque quería demostrar que neste colexio somos todas e todos iguais e respectamos os demais e apoiámoslos.

Despois dalgúns cambios necesarios, o logo resultante poderalo ver en moitos lugares: nos papeis que se mandan para a casa, na web, nos carteis informativos... Será a imaxe que nos vai representar nos vindeiros anos. ■





VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

# PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de

ter un ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

MANDALA DO LOGO NOVO



## SOPAS DE LETRAS

Esta sopa mesmo a podes facer en PIXAMA. Veña, busca 12 prendas.

Nivel  
MEDIO

BOINA  
CALCETÍNS  
CALZÓN  
CAMISETA  
CINTO, CHAPEU  
CHAQUETA  
LUVAS  
PIXAMA  
SAIA  
TRAXE  
XERSEI

E	T	R	M	P	I	X	A	M	A
I	S	B	O	I	N	A	P	T	U
C	A	L	C	E	T	Í	N	S	T
A	I	C	H	X	E	R	P	O	R
L	A	C	A	M	I	S	E	T	A
Z	O	R	P	U	Z	I	C	M	X
Ó	P	X	E	R	S	E	I	R	E
N	E	L	U	V	A	S	N	U	Z
X	C	H	A	Q	U	E	T	A	E
T	U	E	O	R	C	P	O	I	T

Coñeces algunha muller con algún destes 12 nomes que tes que buscar?

N	O	A	S	G	D	B	G	H	F
X	C	E	X	U	L	I	A	E	C
T	A	R	E	I	X	A	M	L	V
V	R	I	R	I	A	R	X	E	I
N	M	X	B	M	C	M	Z	N	R
E	E	D	M	A	R	I	Ñ	A	X
V	M	A	X	R	F	N	C	S	I
E	D	S	H	V	W	D	L	G	N
S	O	C	I	L	L	A	M	H	I
G	U	I	O	M	A	R	B	X	A

Nivel  
MEDIO

ARMINDA, CARME  
CILLA, GUIOMAR  
HELENA, IRIA  
MARIÑA, NEVES  
NOA, TAREIXA  
VIRXINIA  
XULIA


## REPRODUCE O PATRÓN NO RESTO DE CELAS




## ENCRUCILLADA SOBRE O COLE


1. Barrio ao outro lado do muro da pista verde do colexio.
2. Centro cultural ao carón do cole.
3. Nome de pila do persoeiro que dá nome á rúa do colexio.
4. Nome de pila do noso centro.

5. Apelido do noso centro.
6. Visto desde *Google Maps*, que letra forma o noso colexio?



## XEROGLÍFICO

Sabela, que fago coas bólas da árbore de Nadal?



CA



RESPOSTA

RECOMENDACIÓN LECTORAS PARA O NADAL



# QUE LER?


## EDUCACIÓN INFANTIL



**UN CUENTO PARA VER** de Manuel Lourenzo e Tesa González. Historia de amor que che emocionará.

+ INFO: [Libre Albedrío](#)

## 1º E 2º DE E. PRIMARIA



**DOUS OSIÑOS** por Ylla. Dous osiños que se perden no bosque e descubren un mundo novo.

+ INFO: [Kalandraka](#)

## 3º E 4º DE E. PRIMARIA



**LOBO RAMÓN** de María Canosa. Ramón é un lobo diferente nos gustos da comida e nos de vestir.

+ INFO: [Obradoiro](#)

## 6º E 5º DE E. PRIMARIA



**DOUCHE A MIÑA PALABRA** de Fran Alonso. Non se pode vivir sen ler e o autor vaicho demostrar.

+ INFO: [Xerais](#) ■

# CAVILAR SEMPRE TEN PREMIO!

Xa resolviches o xeroglífico, non si? Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoiira e recortas este papel pola liña e entrégaslo ao teu ou á túa profe.

Logo, tócache agardar o sorteo. Consegurás premio?

Data límite de entrega: venres, 14 de xaneiro de 2022.

NOME E APELIDOS:

CURSO:  ETAPA:

